

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DO INTERIOR

**19564** *Real decreto 1849/2009, do 4 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 515/2005, do 6 de maio, que establece as circunstancias de execución das penas de traballos en beneficio da comunidade e de localización permanente, de determinadas medidas de seguranza, así como da suspensión da execución das penas privativas de liberdade.*

A pena de traballos en beneficio da comunidade foi introducida polo Código penal de 1995 como unha manifestación do principio de reinserción e dos novos valores que o chamado Código penal da democracia consolidaba.

A previsión legal contida nos artigos 53 e 88 do citado texto legal restrinxía a aplicación desta pena ao ámbito da responsabilidade persoal subsidiaria en caso de falta de pagamento da multa e ao da substitución das penas privativas de liberdade. A súa aplicación foi escasa dada a novidade da figura, a carencia de infraestruturas e a deficiente concienciación sobre a súa utilidade por parte das institucións obrigadas.

Con posterioridade, diferentes normas, entre as que cabe sinalar a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguranza cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros; a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero; a Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, de modificación do Código penal, e a Lei orgánica 15/2007, do 30 de novembro, de modificación do Código penal en materia de seguranza viaria, estenderon moi significativamente o recurso a este tipo de pena.

A xeneralización do recurso a esta pena non veu acompañada, no entanto, da necesaria oferta de postos de traballo para a súa realización e, por outra banda, na práctica esta pena demostrou disfuncións que deben e poden corrixirse. Para estes fins promóvese esta reforma.

Modifícanse, en primeiro lugar, as institucións obrigadas a facilitar os traballos, para adecuar esta obrigaación aos termos establecidos polo vixente Código penal.

En efecto, o artigo 49.3 do Código penal, tanto na súa redacción orixinal como na derivada da Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, impón a obrigaación de facilitar o traballo en beneficio da comunidade á «Administración», sen maiores precisións. Por outra banda, a Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, non lles atribúe competencias nin obrigações sobre esta pena ás autoridades penitenciarias.

A pesar diso, o Real decreto 515/2005, do 6 de maio, obxecto desta reforma, coa saudable intención de facilitar os cumprimentos e ante a falta de iniciativa das comunidades autónomas e administracións locais, asumiu a obrigaación de facilitar os traballos.

Esta obrigaación, que vai máis aló do requirido polo Código penal, mostrouse insuficiente para a solución do problema da oferta de prazas, solución que exige a colaboración activa doutras administracións e, por outra banda, non responde adecuadamente á finalidade da pena xa que son preferentemente as administracións locais e autonómicas as que, pola súa proximidade ao penado e polos seus fins e obxectivos, están en mellores condicións de levar a cabo o labor de ofertar tarefas de utilidade social que permitan a reparación do dano causado polo delito.

Modifícase, por outra banda, o procedemento de execución, respondendo aos principios de celeridade e simplificación de trámites, baixo o prisma da coordinación precisa entre os órganos que participan nela.

Presérvanse as garantías de contradición do penado, que queda salvada coa súa audiencia e alegacións e coa posibilidade de recorrer contra a resolución do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria. Suprímese, porén, o chamado segundo consentimento do penado, que significou unha fonte relevante de atrasos e disfuncións, xa que é innecesario e non

está previsto no artigo 49 do Código penal, que só obriga aquel con anterioridade á imposición da pena, non nun momento posterior.

Por último, establécense os mecanismos necesarios para dotar de maior rigor o seu cumprimento. A modificación tende a fomentar o cumprimento da transcendental e, con frecuencia, eludida comparecencia e fundamentar posibles accións pola comisión do delito mencionado.

Respecto ao contido desta pena, introdúcese no artigo 6 a posibilidade de que a pena de traballos en beneficio da comunidade se poida cumprir mediante a realización de talleres de actividades en materia de seguranza viaria. A modificación atende á necesidade de utilizar uns recursos xa existentes de utilidade pública, de similar natureza na súa finalidade reparadora ao delito cometido polo penado.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 515/2005, do 6 de maio, que establece as circunstancias de execución das penas de traballos en beneficio da comunidade e de localización permanente, de determinadas medidas de seguranza, así como da suspensión da execución das penas privativas de liberdade.*

O Real decreto 515/2005, do 6 de maio, queda modificado como segue:

Un. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. *Determinación dos postos de traballo.*

1. O traballo en beneficio da comunidade será facilitado pola Administración estatal, autonómica ou local que, para tal fin, poderán establecer os oportunos convenios entre si ou con entidades públicas ou privadas que desenvolvan actividades de utilidade pública, e que deberán remitir mensualmente á Administración penitenciaria a relación de prazas dispoñibles no seu territorio.

2. A Administración penitenciaria supervisará as súas actuacións e prestaralles o apoio e asistencia necesarios para o seu eficaz desenvolvemento.

3. O penado poderá propor un traballo concreto, que será valorado, en informe previo, pola Administración penitenciaria. Neste caso, a Administración penitenciaria, tras analizar a proposta ofrecida polo penado, emitirá un informe ao Xulgado de Vixilancia Penitenciaria no cal valorará a proposta e, en especial, se cumpre os requisitos establecidos no Código penal e neste real decreto, co fin de que adopte a decisión correspondente».

Dous. O artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 5. *Entrevista e selección de traballo.*

1. Os servizos sociais penitenciarios, unha vez recibidos o testemuño da resolución e os particulares necesarios, entrevistarán o penado para coñecer as súas características persoais, capacidade laboral e ambiente social, persoal e familiar, para determinar a actividade máis adecuada. Nesta entrevista informarase o penado das distintas prazas existentes, con indicación expresa do seu labor e do horario en que o debería realizar; así mesmo, escoitarase a proposta que o penado realice.

2. Tras a entrevista, os servizos sociais penitenciarios elevarán a proposta de cumprimento da pena ao Xulgado de Vixilancia Penitenciaria para a súa aprobación ou rectificación.

3. Ao citar os servizos sociais penitenciarios ao penado para a comparecencia do punto primeiro, advertirano das consecuencias da súa non comparecencia. Nos supostos de non comparecencia non xustificada remitirán os testemuños oportunos ao órgano sentenciador.»

Tres. Os puntos 3 e 4 do artigo 6 quedan redactados do seguinte modo:

«3. A realización do traballo non será retribuída.

4. A pena de traballos en beneficio da comunidade imposta en delitos contra a seguraza no tráfico poderase cumprir mediante a realización de talleres de actividades en materia de seguraza viaria organizados polas autoridades correspondentes. Os ditos talleres constarán dunha fase formativa e doutra de realización de actividades de utilidade pública.»

Catro. Os puntos 1 e 2 do artigo 7 quedan redactados do seguinte modo:

«1. Durante o cumprimento da condena, o penado deberá seguir as instrucións que reciba do xuíz de Vixilancia Penitenciaria e dos servizos sociais competentes e as directrices da entidade para a cal preste o traballo.

2. Os servizos correspondentes da Administración que facilitase o traballo informarán periodicamente os servizos sociais penitenciarios da actividade que vai sendo desenvolvida polo penado e das incidencias relevantes durante o desenvolvemento do plan de execución, así como da finalización deste.»

Cinco. O artigo 27 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 27. *Coordinación en casos de penas ou medidas de seguraza impostas por xulgados de violencia sobre a muller.*

Nos casos en que algunha das penas ou medidas previstas neste real decreto sexan impostas por feitos relacionados coa violencia de xénero, co obxecto de garantir a protección das vítimas, os servizos sociais penitenciarios coordinarán as súas actuacións coas forzas e corpos de seguraza, coas oficinas de asistencia ás vítimas e coa Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero.»

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación penitenciaria.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,  
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA